

ANUNCIO

Fanse públicos os acordos adoptados o 15 de febreiro do 2023 polo tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de oficial sepultureiro/a, que figura como vacante no cadro de persoal funcionario do Concello de Fene incluída na oferta de emprego público extraordinaria de estabilización de emprego temporal do ano 2020 segundo as bases específicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 28.04.2022 segundo se recolle na acta da sesión:

“O 27 de xaneiro do 2023 realizouse a proba tipo test, concedéndose 5 días hábiles para a presentación de alegacións ás valoracións feitas polo tribunal. O anuncio dos resultados foi publicado o 30.01.2023, rematando o prazo para a presentación de alegacións o 06.02.2023.

O 06.02.2023 presenta alegacións Miguel Ángel García Pita que reclama a pregunta 49 do exercizo tipo test.

A dita pregunta é a que segue:

“49 Según el código técnico de la edificación, una llaga se considerará llena si el mortero maciza el grueso total de la pieza en al menos:
60% de su tizón, se considerará hueca en caso contrario
40% de su tizón, se considerará hueca en caso contrario
70% de su tizón, se considerará hueca en caso contrario”

O alegante solicita que se declare nula por excesiva ao considerar que está fóra dos coñecementos relativos ás tarefas a desempeñar na praza convocada, indicando:

0-0
096
150
P-
F:
C.I

Primeiro. se entendemos por CTE o aprobado por REAL DECRETO 314/2006, de 17 de marzo, non se fai referencia algunha a esta pregunta pois non fala nada de porcentaxes.

Segundo, outro tema serían os DB (Documentos básicos) da construción, pois entendo que esa pregunta queda fora da programación dunha proba como é a presente, estando na órbita de probas para postos técnicos. Por tanto e tendo que en conta que o indica o art. 61 do TREBEP:

Artículo 61. Sistemas selectivos.

1. Los procesos selectivos tendrán carácter abierto y garantizarán la libre concurrencia, sin perjuicio de lo establecido para la promoción interna y de las medidas de discriminación positiva previstas en este Estatuto.

Los órganos de selección velarán por el cumplimiento del principio de igualdad de oportunidades entre sexos.

2. Los procedimientos de selección cuidarán especialmente la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación al desempeño de las tareas de los puestos de trabajo convocados, incluyendo, en su caso, las pruebas prácticas que sean precisas.

Entendo que esta pregunta está fora dos coñecimentos que se entende debe manifestar para as tarefas que vai desempeñar, por tanto

SOLICITO

Sexa declarada nula por excesiva sendo substituída por unha das preguntas de reserva.

Acudindo ao temario da praza atopamos os seguintes temas:

15. Movements de terras. Excavacions, recheos e compactacions. Cimentacions: Tipos. Formigons e morteiros: Clases, características e propiedades. Resistencia e consistencia.
16. Construción de muros e tabiques: Tipoloxía e características. Pedras naturais e artificiais. Prefabricados de formigón e outros materiais. Paredes de ladrillo e outras. Ladrillo tipo e medidas.
17. Revestimentos de paredes e chans: enfoscados, enlucidos, alicatados, tellas, lousas, baldosas e placas.
18. Preparación das superficies de soporte. Pinturas: Aplicación de pinturas ao temple e plásticas. Pinturas para exteriores. Impermeabilizacións. Cubertas.
19. Outros materiais e medios de construción e obra: metais, madeira e outros medios/materiais auxiliares.

Como pode apreciarse, estes temas non aluden a ningunha normativa en concreto, polo que calquera normativa aplicable en vigor referida a ese contido incluído no temario podería ser obxecto das probas prácticas, sempre e cando exista unha adecuación entre o preguntado e as funcións ou tarefas a desenvolver na praza, que é o que cómpre analizar.

A pregunta versa sobre a construción dun muro ou parede de ladrillo, construcións que forman parte das instalacións do cemiterio municipal e recollida no tema 16 do temario da praza.

Resulta irrelevante a referencia ao Código Técnico da Edificación, dado que iso non confire de excesiva á pregunta formulada que ben podería terse feito do seguinte xeito:

“Una llaga se considerará llena si el mortero maciza el grueso total de la pieza en al menos:

60% de su tizón, se considerará hueca en caso contrario

40% de su tizón, se considerará hueca en caso contrario

70% de su tizón, se considerará hueca en caso contrario”

Forma parte dos coñecementos de albanelería básicos dun oficial coñecer como se executa un muro e como se debe dispor o recheo das xuntas das pezas do muro para que este non sexa defectuoso. A pregunta forma parte dos coñecementos básicos do oficio, resultando irrelevante ás referencias ao CTE.

En base ao que antecede, o tribunal acorda:

PRIMEIRO.-Desestimar as alegacións presentadas por Miguel Ángel García Pita o 06.02.2023 conforme ao recollido nesta acta e ratificar as cualificacións da segunda proba da fase de oposición outorgadas en sesión do 27.01.2023.

SEGUNDO.-Convocar ás persoas aspirantes que superaron a segunda proba da fase de oposición á realización da **proba tipo práctico** (3º exercicio da fase de oposición) o día **27.02.2023 no cemiterio municipal de Fene debendo vir provistos de roupa de traballo.**

A orde de actuación dos aspirantes farase por separado, debendo presentarse á hora convocada e non antes.

Para a orde de actuación o tribunal acorda aplicar o disposto na Resolución do 23 de xaneiro de 2023 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a cal estipula que a orde comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra V.

Así as cousas, **convócase aos seguintes aspirantes á hora que se cita:**

-García Pita, Miguel Ángel: 9.30 h

- Pena Gómez, Francisco Borja: 10.45 h

TERCEIRO.-Informar aos aspirantes de que a proba práctica poderá ser gravada.”.

Asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal Estefanía Manteiga Lamas.